



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



Proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as

Primeiro exercicio
Acceso: acceso libre

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1. Se os sucesos S_1 e S_2 son independentes entón:
- $P(S_1 \cup S_2) = 0$
 - $P(S_1 \cap \bar{S}_2) = P(S_1)P(\bar{S}_2)$ con \bar{S}_2 suceso complementario de S_2
 - $P(S_1 \cup S_2) = P(S_1)P(S_2)$
 - $P(S_1 \cap S_2) = P(S_1 \cup S_2)$
2. Sexa X unha variable aleatoria con distribución continua e función de densidade $f(X)$, entón a función característica é:
- $\varphi(t) = \int_{-\infty}^{\infty} e^{itx} f(x) dx$, t variable real non aleatoria, i =unidade imaxinaria
 - $\varphi(t) = \int_{-\infty}^{\infty} e^{-itx} f(x) dx$, t variable real non aleatoria i =unidade imaxinaria
 - $\varphi(t) = \frac{1}{2\pi} \int_{-\infty}^{\infty} e^{itx} f(x) dx$, t variable real non aleatoria, i =unidade imaxinaria
 - $\varphi(t) = \frac{1}{2\pi} \int_{-\infty}^{\infty} e^{-itx} f(x) dx$, t variable real non aleatoria i =unidade imaxinaria
3. Dada a variable aleatoria bidimensional (X, Y) . Canto debe valer k para que a función $f(x,y)=k(x^2+y^2)$, con $0 \leq y \leq x \leq 1$, sexa unha función de densidade?
- $k=1/3$
 - $k=1/2$
 - $k=1$
 - $k=3$
4. Unha parroquia de Galicia ten 20 habitantes, dos cales 15 son persoas inactivas e 5 persoas activas. Se eliximos a 2 persoas ao chou sen reposición, cal é a probabilidade de obter a 2 persoas activas?
- 5/19
 - 4/19
 - 2/19
 - 1/19
5. Se a renda dispoñible das persoas residentes en Galicia (en miles de euros) segue unha distribución lognormal de parámetros $\mu=2$ e $\sigma=1$. Cal é a renda dispoñible media (en miles de euros)?
- e^2
 - $e^{2,5}$
 - e^3
 - $e^{3,5}$

6. Sexa X unha variable aleatoria Gamma $G(p,1)$ e Y unha variable aleatoria Gamma $G(q,1)$, X e Y independentes. Entón a variable aleatoria $Z = \frac{X}{X+Y}$ segue unha distribución:
- $G(p,q)$
 - $G(q,p)$
 - Beta(p,q)
 - Beta(q,p)
7. Se as variables aleatorias (X_1, \dots, X_n) teñen unha función de densidade conxunta normal n -dimensional, $N(\mu, \Sigma)$, e $\text{cov}(X_i, X_j) = 0$ para todo i e todo j sempre que $i \neq j$ entón:
- As variables aleatorias son conxuntamente independentes
 - A matriz Σ é sempre a matriz identidade
 - Cómprese que $f(X_1, \dots, X_n) \neq f(X_1)f(X_2)\dots f(X_n)$
 - Ningunha das anteriores é correcta
8. A matriz de covariancias Σ dunha variable aleatoria bidimensional (X, Y) é $\Sigma = \begin{bmatrix} 4 & 5 \\ 5 & 9 \end{bmatrix}$. Entón o coeficiente de correlación lineal é:
- 5/36
 - 5/6
 - 9/5
 - 5/9
9. Sexa o seguinte proceso estocástico $X(t) = E_1 \cos(\omega t) + E_2 \sin(\omega t)$ onde E_1 e E_2 son variables aleatorias incorrelacionadas de media nula e variancia igual a 5. Entón o proceso $X(t)$:
- É estacionario
 - A esperanza depende de t
 - A variancia depende de t
 - A autocovariancia, $\text{cov}(t_1, t_2)$ non depende de $t_1 - t_2$
10. Calquera función dos elementos da mostra, sempre que non conteña parámetros descoñecidos, recibe o nome de:
- Media mostral
 - Partición
 - Estatístico
 - Variancia mostral

11. A variable aleatoria X distribúese como unha uniforme $U(0,1)$. Desta poboación tómake unha mostra aleatoria simple con reposición de tamaño 5 (x_1, x_2, x_3, x_4, x_5). Defínese $Y = \text{mínimo}(x_1, x_2, x_3, x_4, x_5)$. Cal é a función de densidade de Y ?
- $f(y) = 20y(1-y)$; $0 \leq y \leq 1$
 - $f(y) = 20y(1-y)^2$; $0 \leq y \leq 1$
 - $f(y) = 5(1-y)^3$; $0 \leq y \leq 1$
 - $f(y) = 5(1-y)^4$; $0 \leq y \leq 1$
12. Na distribución de Poisson, $\text{Poisson}(\lambda)$, estímase o parámetro λ a partir da media dunha mostra aleatoria simple con reposición de tamaño n . A media mostral é un estimador:
- Inesgado e eficiente
 - Inesgado e non eficiente
 - Nesgado e eficiente
 - Nesgado e non eficiente
13. Nunha poboación $N(\mu, \sigma^2 = 9)$ obtense unha mostra aleatoria simple con reposición de tamaño 25 con media mostral \bar{x} . O intervalo de confianza con nivel de confianza $1-\alpha$ para a media da poboación é:
- $[\bar{x} - 3, \bar{x} + 3]$
 - $\left[\bar{x} - z_{\alpha/2} \frac{3}{5}, \bar{x} + z_{\alpha/2} \frac{3}{5} \right]$ Onde $z_{\alpha/2}$ é o valor da distribución normal $N(0,1)$ que deixa á dereita unha probabilidade de $\alpha/2$
 - $\left[\bar{x} - t_{25} \frac{3}{5}, \bar{x} + t_{25} \frac{3}{5} \right]$ Onde t_{25} é o valor da distribución t de Student con 25 grados de liberdade que deixa á dereita unha probabilidade de $\alpha/2$
 - $\left[\bar{x} - t_{24} \frac{3}{5}, \bar{x} + t_{24} \frac{3}{5} \right]$ Onde t_{24} é o valor da distribución t de Student con 24 grados de liberdade que deixa á dereita unha probabilidade de $\alpha/2$
14. Na inferencia bayesiana se a función de perda é de tipo cadrático o estimador de Bayes é:
- Sempre o primeiro cuartil da distribución a posteriori
 - Sempre a mediana da distribución a posteriori
 - Sempre a media da distribución a posteriori
 - Sempre o terceiro cuartil da distribución a posteriori

- 15. Nos contrastes de hipóteses, cal das seguintes afirmacións é FALSA?:**
- a) O erro que se comete ao rexeitar a hipótese nula sendo certa chámase erro de tipo I
 - b) O erro que se comete ao aceptar a hipótese nula sendo falsa chámase erro de tipo II
 - c) A probabilidade de rexeitar a hipótese nula sendo falsa chámase potencia de contraste
 - d) O erro que se comete ao rexeitar a hipótese nula sendo certa chámase erro tipo II
- 16. O test χ^2 de bondade de axuste:**
- a) Só pode aplicarse sobre distribucións poboacionais continuas
 - b) Só pode aplicarse sobre distribucións poboacionais discretas
 - c) Pode aplicarse sobre calquera distribución poboacional
 - d) Só pode aplicarse cando a distribución poboacional é normal
- 17. A partir dunha mostra estamos interesados en contrastar se o Índice de Masa Corporal (IMC) para as persoas de menos de 45 anos e o IMC para as persoas de 45 e máis anos seguen a mesma distribución poboacional. Que proba das seguintes deberíamos empregar?**
- a) A proba ou contraste U de Mann-Whitney
 - b) A proba ou test de Kolmogorov-Smirnov para unha mostra.
 - c) A proba ou test de normalidade de Shapiro-Wilks
 - d) O test de correlación por rangos de Spearman
- 18. Unha análise da variancia cun factor aleatorio segue o modelo $Y_{ij}=\mu+\tau_i+\epsilon_{ij}$. As τ_i son:**
- a) Variables aleatorias coa mesma distribución e media 0
 - b) Parámetros descoñecidos que hai que estimar para facer o contraste
 - c) Variables aleatorias cunha media que depende do nivel do factor
 - d) Parámetros descoñecidos que non se poden estimar
- 19. Na matriz de confusión dunha análise discriminante:**
- a) Amósanse os resultados globais da clasificación
 - b) Inclúense os coeficientes das funcións discriminantes da análise
 - c) Recóllense as correlacións entre as funcións discriminantes e as variables orixinais
 - d) Preséntase a probabilidade de asignación de cada individuo a cada grupo

20. A distancia de Mahalanobis entre dúas variables aleatorias multidimensionais:

- a) Require que as poboacións sigan unha distribución normal multivariante
- b) Nunca coincide coa distancia euclídea
- c) Emprega una matriz de covariancias das variables
- d) Baixo normalidade, segue unha distribución t de Student

21. As compoñentes principais:

- a) Están tipificadas e son incorrelacionadas
- b) Son as mesmas tanto obtidas a partir da matriz de covariancias coma obtidas a partir da matriz de correlacións
- c) Teñen por variancia os valores propios da matriz de covariancias
- d) Son un número menor de variables que as variables orixinais

22. Nunha análise factorial:

- a) Os factores comúns están correlacionados cos factores únicos
- b) As cargas factoriais son únicas
- c) Os factores sempre están tipificados
- d) A comunalidade é a porcentaxe de variancia de cada variable orixinal explicada polos factores comúns

23. Cal das seguintes afirmacións NON é correcta?

- a) A repercusión dunha compoñente nun índice é sempre maior ou igual que cero
- b) En xeral, a repercusión dunha compoñente depende da estrutura de ponderacións e da variación da magnitude á que fai referencia o índice
- c) Un índice de prezos de Paasche cumpre alxebraicamente a propiedade de proporcionalidade
- d) Os índices en cadea verifican a propiedade de circularidade

24. Cal das seguintes afirmacións NON é correcta?

- a) O índice de Theil T_1 sempre verifica a propiedade de descomposición aditiva
- b) O índice de Theil T_1 sempre verifica o principio de transferencias de Pigou-Dalton
- c) O índice de Atkinson sempre verifica o principio de transferencias de Pigou-Dalton
- d) O índice de Atkinson sempre verifica a propiedade de descomposición aditiva

25. Cal das seguintes afirmacións NON é correcta?

- a) A poligamia no emparellamento estatístico acontece polo feito de que un mesmo rexistro pode ser empregado como donante máis de unha vez
- b) A poligamia é unha deficiencia que teñen os métodos *hot deck* de emparellamento estatístico sen restricións
- c) O “*propensity score*” ou puntuación de propensión nun proceso de emparellamento estatístico permite coñecer a probabilidade de que un rexistro pertenza ao ficheiro donante ou o receptor
- d) Nos procesos de emparellamento estatístico ou “*statistical matching*” os ficheiros donante e receptor sempre deben ter unidades da poboación superpostas para poder realizar o emparellamento

26. Sexa unha mostraxe aleatoria sen reposición e con probabilidades iguais de tamaño n sobre unha poboación de tamaño N ($n < N$), cal das seguintes afirmacións NON é correcta?

- a) A suma das probabilidades de inclusión de primeira orde de todas as unidades é igual ao tamaño da poboación
- b) Existen $\binom{N}{n}$ mostraxas posibles
- c) Todas as mostraxas teñen a mesma probabilidade de selección
- d) A probabilidade de que dúas unidades distintas aparezan na mostra é $\frac{n(n-1)}{N(N-1)}$

27. Sexa unha característica X nunha poboación de tamaño N . Baixo mostraxe aleatoria simple, cal das seguintes afirmacións NON é correcta?

- a) A cuasivariancia muestral é un estimador inesgado da variancia da poboación nunha mostraxe aleatoria simple con reposición
- b) Para estimar a media de X co mesmo erro de mostraxe, o estimador da media mostraxal precisa un menor tamaño de mostra na mostraxe sen reposición que na mostraxe con reposición
- c) Para estimar a media de X , coinciden os estimadores de Hansen-Hurwitz con reposición e o de Horvitz-Thompson sen reposición
- d) Para estimar o total de X , non coinciden os estimadores de Hansen-Hurwitz con reposición e o de Horvitz-Thompson sen reposición

28. Sexa unha poboación de tamaño N. Nunha mostraxe estratificada con selección aleatoria sen reposición e con probabilidades iguais en todos os estratos, cal das seguintes respostas NON é correcta?

- a) En poboacións grandes e para un mesmo tamaño de mostra, canto máis distintas sexan as medias dos estratos en relación coa característica a estudo, a mostraxe estratificada con asignación proporcional é máis precisa que a mostraxe aleatoria simple
- b) Se a afixación da mostra é proporcional, o estimador de Horvitz-Thompson para a media coincide coa media mostral
- c) Se a afixación da mostra é igual, a fracción de mostraxe en cada estrato coincide coa fracción de mostraxe total
- d) Se a afixación da mostra é proporcional, a probabilidade de que unha unidade apareza na mostra é independente do tamaño do seu estrato

29. Sexa unha poboación de tamaño N (coñecido) na que temos definidas dúas características X e Y. Supoñendo unha mostraxe aleatoria simple sen reposición e un tamaño da mostra grande, cal das seguintes afirmacións NON é correcta?

Definimos $\hat{R} = x/y$, con x e y os totais mostrais.

- a) O estimador da razón \hat{R} sempre é nesgado
- b) Para un mesmo tamaño da mostra e coñecendo o total poboacional de Y, o cociente das variancias dos estimadores $\hat{X}_R = \hat{R}\bar{Y}$ e $\hat{X}_R = \hat{R}Y$ ($V(\hat{X}_R)/V(\hat{X}_R)$) coincide co cociente das variancias dos estimadores de Horvitz-Thompson para a media (\hat{X}_{HT}) e o total (\hat{X}_{HT}) ($V(\hat{X}_{HT})/V(\hat{X}_{HT})$)
- c) A razón dos totais mostrais \hat{R} coincide coa razón das medias mostrais $\bar{R} = \bar{x}/\bar{y}$ (\bar{x} e \bar{y} as medias mostrais)
- d) O estimador da razón \hat{R} ten nesgo pequeno se a relación entre as variables é proporcional

30. En mostraxe aleatoria simple sen reposición de conglomerados, todos de igual tamaño $M > 2$, o valor máximo do coeficiente de homoxeneidade de conglomerados é:

- a) $1/M$
- b) 1
- c) $1/(M-1)$
- d) 0

31. **Sexa un esquema de mostraxe bietápico con mostraxe aleatoria simple sen reposición en primeira etapa e con probabilidades iguais sen reposición en segunda etapa. Supoñamos que o tamaño das unidades de primeira etapa (M_i) non é fixo. Para unha mostra autoponderada, que afirmación NON é certa?**
- $E(\varepsilon_{i,j}) = \text{constante } \forall i, j$ sendo $\varepsilon_{i,j}$ a variable aleatoria: número de veces que a unidade secundaria $u_{i,j}$ aparece na mostra
 - Todas as unidades de segunda etapa teñen a mesma probabilidade de aparecer na mostra
 - O tamaño de mostra de segunda etapa é sempre igual para todas as unidades primarias seleccionadas
 - Na segunda etapa a fracción de submostraxe é igual para todas as unidades
32. **Nunha poboación ordenada de tamaño N , unha mostraxe sistemática de tamaño n (con $N/n=K$ enteiro) ten menor variancia que unha mostraxe aleatoria simple sen reposición do mesmo tamaño n cando:**
- O coeficiente de homoxeneidade intramostra (δ) é menor que $-1/(N-1)$
 - O coeficiente de homoxeneidade intramostra (δ) é igual a 0
 - O coeficiente de homoxeneidade intramostra (δ) é maior que 0
 - O coeficiente de homoxeneidade intramostra (δ) é maior que $1/(N-1)$
33. **Segundo a teoría de estimación de variancias, para n =tamaño da mostra completa ($n>2$) e K =número de submostras, o método dos conglomerados últimos é un caso particular do método de grupos aleatorios cando:**
- $K=1$
 - $K=2$
 - $K=n$
 - $K=n/2$
34. **Sexa un procedemento de mostraxe en dúas ocasións no que para estimar o cambio empregamos a diferenza de medias. Se o coeficiente de correlación entre os valores dunha e outra ocasión é positivo, que método ten menos variancia?**
- Seleccionar as dúas mostras independentemente (solapamento $\pi=0$)
 - Manter a metade da mostra seleccionada na primeira ocasión e seleccionar a outra metade de novo (solapamento $\pi=1/2$)
 - Manter 2/3 da mostra seleccionada na primeira ocasión e seleccionar 1/3 de novo (solapamento $\pi=2/3$)
 - Manter a mesma mostra nas dúas ocasións (solapamento $\pi=1$)

35. Cal das seguintes afirmacións referente á estimación en áreas pequenas é FALSA?

- a) É unha parte da estatística que mellora a eficiencia dos estimadores directos
- b) Combina metodoloxías de mostraxe con inferencia en poboacións finitas e modelos estatísticos
- c) Pode empregar estimadores indirectos baseados no deseño e estimadores baseados no modelo
- d) Só está pensada para facer estimacións en áreas xeográficas pequenas

36. Que afirmación NON é certa para o estimador de regresión xeneralizado (GREG)?

- a) Permite incorporar información auxiliar na estimación dunha variable
- b) Emprega un modelo para relacionar a variable de estudo e as variables auxiliares
- c) Algúns poden ser expresados como un indicador de calibración
- d) Sempre consegue un sistema de ponderacións independente da variable de estudo

37. Quérese estimar o tamaño (descoñecido) dunha poboación a partir da información de dous rexistros administrativos (A_1 e A_2) independentes e que cobren parcialmente a poboación. Decidiuse empregar o estimador de Petersen (ou Lincoln-Petersen) para mostraxe de captura-recaptura. Cos datos da seguinte táboa:

	N_i
Número total unidades rexistro A_1	250
Número total unidades rexistro A_2	350
Número unidades presentes en ambos rexistros	10

Cal sería o tamaño de poboación estimado?

- a) 8.750
- b) 6.000
- c) 875.000
- d) 87.500

38. Sexa un procedemento de mostraxe aleatorio simple sen reposición con tamaño de mostra n para estimar o total dunha variable X . Se o marco de mostraxe ten unidades valeiras e coñecemos o número total destas unidades valeiras, que procedemento ten menos variancia?

- a) Non substituír as unidades valeiras na mostra
- b) Substituír aleatoriamente todas as unidades valeiras que aparecen ata obter o tamaño de n unidades non valeiras
- c) Substituír aleatoriamente a metade das unidades valeiras que aparecen
- d) Ningún dos anteriores

- 39. Cal das seguintes técnicas para o tratamento da non resposta consiste en ponderar os resultados de acordo coa probabilidade de atopar ao enquisado?**
- a) Modelo de Deming
 - b) Método de Hansen e Hurwitz
 - c) Método de Politz-Simmons
 - d) Modelo de Warner
- 40. Na análise demográfica, unha razón ou ratio é:**
- a) Un tipo especial de probabilidade
 - b) Un tipo especial de proporción
 - c) Un tipo especial de relación
 - d) Un tipo especial de taxa
- 41. Nunha táboa de mortalidade de momento ou período, a raíz da táboa é:**
- a) A serie de probabilidades ou riscos de morte
 - b) As taxas específicas de mortalidade
 - c) O montante inicial da cohorte ficticia da táboa
 - d) A esperanza de vida ao nacer
- 42. Nunha análise transversal da fecundidade no ano t, que indicador reflicte o número medio de fillas que tería unha muller ao longo da súa vida fértil considerando ausencia de mortalidade e taxas específicas de fecundidade iguais que as observadas no ano t?**
- a) Descendencia final
 - b) Indicador sintético ou conxuntural de fecundidade
 - c) Taxa bruta de natalidade
 - d) Taxa bruta de reprodución
- 43. A taxa de migración neta ten no numerador:**
- a) A diferenza entre as inmigracións e as emigracións
 - b) A suma das inmigracións e as emigracións
 - c) O número de emigracións
 - d) O número de inmigracións
- 44. Que tipo de proxección de poboación estamos realizando se establecemos hipóteses de proxección sobre a natalidade, a mortalidade e as migracións?**
- a) O método da función loxística
 - b) O método das compoñentes
 - c) O método de extrapolación aritmético
 - d) O método de extrapolación xeométrico

- 45. O método de taxas de xefatura de fogar para proxectar fogares:**
- a) É un modelo dinámico
 - b) É un modelo estático
 - c) É un modelo LIPRO
 - d) É un método de propensións
- 46. De que fase do modelo GSBPM v5 forma parte a identificación da necesidade dunha estatística?**
- a) Especificación de necesidades
 - b) Construción
 - c) Análise
 - d) Deseño
- 47. Na nomenclatura de unidades territoriais para estatísticas 2016 (NUTS), as provincias españolas clasifícanse como:**
- a) NUTS 0
 - b) NUTS 1
 - c) NUTS 2
 - d) NUTS 3
- 48. A Lei 9/1988 de estatística de Galicia:**
- a) Prohibe as enquisas de opinión
 - b) Regula as enquisas de opinión para fins da Comunidade Autónoma
 - c) Regula as enquisas de opinión que no conteñan preguntas sobre orientación política
 - d) Non regula as enquisas de opinión
- 49. Segundo o artigo 24 da Lei 9/1988 de estatística de Galicia, non quedarán amparados polo segredo estatístico todos os datos:**
- a) Procedentes de calquera rexistro administrativo
 - b) Recollidos nos directorios de persoas xurídicas
 - c) De coñecemento público notorio
 - d) Subministrados por unha obrigaón legal
- 50. Como poderíamos filtrar en R o vector numérico x para quedarnos só cos elementos que non sexan 'NA'?**
- a) `!x == NA`
 - b) `!is.na(x)`
 - c) `x[!is.na(x)]`
 - d) `x[x != NA]`

51. Se realizamos a consulta SQL:

```
SELECT dni, idade,  
CASE  
    WHEN idade > 20 THEN 1  
    WHEN idade =70 THEN 2  
    WHEN idade >60 THEN idade/10  
    ELSE 3  
END AS grupo  
FROM censo;
```

¿Que valor de *grupo* se asociaría ao dni dunha persoa que tiña *idade=70* na táboa *censo*?

- a) 1
- b) 2
- c) 3
- d) 7

52. Sinala a afirmación INCORRECTA no relativo á relación entre o Sistema Europeo de Contas (SEC-2010) e o Sistema de Contas Nacionais (SCN-2008):

- a) A estrutura do SEC-2010 é coherente coas directrices internacionais sobre contabilidade nacional establecidas no SCN-2008 coa excepción de certas diferenzas na presentación e do maior grado de precisión dalgúns dos conceptos do SEC-2010
- b) O SEC-2010 existe paralelamente ao SCN-2008 debido ao uso dos datos das contas nacionais que se fai na Unión Europea
- c) Tanto SEC-2010 como SCN-2008 está harmonizado cos conceptos e clasificacións utilizados en moitas outras estatísticas sociais e económicas
- d) A estrutura do SEC-2010 non é coherente coas directrices internacionais sobre contabilidade nacional establecidas no SCN-2008 polas diferenzas na presentación e polo maior grado de precisión dalgúns dos conceptos do SEC-2010

53. En que operación de bens e servizos do SEC-2010 debe rexistrarse a adquisición dunha vivenda?

- a) Gasto en consumo final
- b) Consumo intermedio
- c) Formación bruta de capital fixo
- d) Rendidas da propiedade

54. Sinale a afirmación correcta:

- a) O saldo contable da conta de bens e servizos é o Produto Interior Bruto (PIB)
- b) A conta de produción está equilibrada por definición e non ten saldo contable
- c) Para o total da economía o gasto en consumo final e o consumo final efectivo son iguais
- d) Para calcular o Produto Interior Bruto pola vía da renda pódese utilizar a conta de produción do total da economía

55. Nas táboas de orixe e destino (TOD):

- a) Para cada rama de actividade a oferta é igual á suma de todos os empregos
- b) A táboa de orixe amosa os empregos de bens e servizos desagregados por produto
- c) Non se pode determinar o Produto interior bruto por ningunha das súas vías de cálculo
- d) Figuran os fluxos das contas de bens e servizos; produción e explotación

56. Nas comparacións internacionais de prezos e volumes, e dado que os países teñen diferentes prezos e moedas, deben aplicarse:

- a) As paridades de poder adquisitivo
- b) Os postos de traballo equivalentes a tempo completo
- c) Os prezos básicos
- d) Os prezos de adquisición

57. As estatísticas de horas efectivamente traballadas non inclúen:

- a) As horas pagadas pero non traballadas, como as vacacións anuais remuneradas
- b) As horas extraordinarias
- c) O tempo de traballo remunerado dedicado en formación
- d) O tempo correspondente a breves períodos de descanso durante a xornada laboral, como as interrupcións para tomar algo

58. Nun libre mercado en equilibrio dun ben normal, unha mellora na xestión das empresas, que se traduza nunha redución de custos, unido a unha diminución da renda dos consumidores e das consumidoras, que cambios produce?

- a) Un aumento do prezo do ben
- b) Unha diminución do prezo do ben
- c) Un aumento da cantidade intercambiada
- d) Non produce cambios nin no prezo do ben nin na cantidade intercambiada

59. Unha persoa que traballa nunha empresa recibe un salario de 1000 euros mensuais que debe distribuír entre os diferentes tipos de bens que consome. A empresa decidiu duplicarlle o salario, xa que polo efecto da inflación todos e cada un dos prezos dos bens que consome incrementáronse un 100%. Segundo a teoría do consumidor:

- a) O/A consumidor/a aumentará as cantidades consumidas de cada un dos bens xa que a súa renda monetaria aumentou
- b) Non podemos coñecer cal será o efecto sobre as cantidades consumidas dos diferentes bens porque non coñecemos nada acerca das preferencias do suxeito
- c) O/A consumidor/a sufrirá ilusión monetaria e tirará a casa pola xanela
- d) O/A consumidor/a non modificará a súa decisión de consumo xa que a súa renda real non variou

60. Que é un ben Giffen?

- a) Un ben cuxa curva de demanda ten pendente negativa porque o efecto renda é negativo
- b) Un ben cuxa curva de demanda ten pendente positiva porque o efecto renda (negativo) é maior que o efecto substitución
- c) Un ben cuxa curva de demanda ten pendente positiva porque o efecto substitución é negativo
- d) Un ben cuxa curva de demanda ten pendente positiva porque o efecto substitución é maior que o efecto renda

61. A prima de risco defínese como:

- a) A cantidade máxima de diñeiro que está disposta a pagar unha persoa renuente ao risco para evitalo
- b) O risco adicional no que debe incorrer un/a investidor/a para obter un rendemento esperado máis alto
- c) A cantidade máxima de diñeiro que está disposta a pagar unha persoa amante do risco para conseguilo
- d) A cantidade mínima de diñeiro que está disposta a pagar unha persoa amante do risco para conseguilo

62. Unha empresa que utiliza capital e traballo como únicos inputs, ten unha tecnoloxía descrita pola función de produción $Q=K^aL^{1-a}$ con $0 \leq a \leq 1$. A función de produción presenta:

- a) Rendementos a escala constantes
- b) Rendementos a escala crecentes
- c) Rendementos a escala decrecentes
- d) Rendementos variables a escala

63. Sinale a resposta correcta:

- a) Prodúcese deseconomías de escala cando unha duplicación da produción esixe menos que unha duplicación do custo
- b) Prodúcese economías de escala cando unha duplicación da produción esixe unha duplicación do custo
- c) Prodúcese deseconomías de escala cando unha duplicación da produción esixe unha duplicación do custo
- d) Prodúcese economías de escala cando a produción pode duplicarse por menos que o dobre do custo

64. Sinale a resposta correcta. Para alcanzar o equilibrio competitivo a longo prazo deben darse tres condicións, dúas delas son:

- a) Que todas as empresas da industria están maximizando beneficios e que o prezo do produto é tal que a cantidade ofrecida pola industria é igual á cantidade demandada polos/as consumidores/as
- b) Que todas as empresas da industria están maximizando beneficios e que todas as empresas teñen incentivos para entrar e saír da industria
- c) Que todas as empresas teñen incentivos para entrar e saír da industria e que o prezo do produto é tal que a cantidade ofrecida pola industria é igual á cantidade demandada polos/as consumidores/as
- d) Que todas as empresas teñen incentivos para entrar e saír da industria e están a obter uns beneficios económicos nulos

65. Un monopolio natural é:

- a) Unha empresa que pode producir toda a produción do mercado con menos custos que se houberse varias empresas
- b) Unha empresa que pode producir toda a produción do mercado, pero con custos superiores aos existentes se houberse varias empresas
- c) Unha empresa que pode producir a maioría da produción do mercado con menos custos que se houberse varias empresas
- d) Unha empresa que nunca ten economías de escala en ningún dos seus niveis de produción

66. Sinale a resposta NON correcta:

- a) Un ben é non rival se calquera que sexa o nivel de produción, o custo marxinal de fornecelo a un/ha consumidor/a máis é cero
- b) Un ben público fornécese eficientemente cando a suma vertical das demandas individuais é igual ao custo marxinal de produci-lo
- c) Un ben público debe ser sempre excluín-te ou rival
- d) Os recursos de propiedade común non son controlados por unha única persoa e pódense utilizar sen pagar un prezo

67. Segundo a teoría clásica nunha economía con función de produción Cobb-Douglas que emprega os factores traballo e capital, e incorpora un parámetro positivo que mide a produtividade da tecnoloxía existente:

- a) O prezo do factor traballo está fixado
- b) Un incremento da oferta do factor traballo incrementa o prezo do devandito factor
- c) Un incremento da oferta do factor traballo reduce o prezo do devandito factor
- d) Un incremento da oferta do factor traballo non afecta o prezo do devandito factor

68. No sistema monetario:

- a) Unha moeda de ouro é diñeiro fiduciario
- b) Os bancos centrais controlan a oferta monetaria principalmente por operacións de mercado aberto
- c) As tarxetas de crédito forman parte da oferta monetaria
- d) As tarxetas de crédito non poden afectar á demanda de diñeiro

69. Que custo asociado á inflación xera unha redistribución arbitraria da riqueza?

- a) Os custos da inflación imprevista
- b) Os custos de menú
- c) Os custos en sola de zapatos
- d) Os custos asociados a usar un patrón cambiante para medir as transaccións

70. Segundo a teoría clásica nunha economía aberta:

- a) Un aumento da demanda de investimento reduce o tipo de cambio real
- b) Unha medida comercial proteccionista non afecta o tipo de cambio real
- c) As exportacións netas dependen do tipo de cambio nominal, pero non do real
- d) Unha política fiscal expansiva eleva o tipo de cambio real

71. De acordo coa teoría clásica, a taxa natural de paro:

- a) Depende da taxa de destrución de emprego, pero non da taxa de creación de emprego
- b) É o nivel medio en torno ao cal varía a taxa de paro
- c) É a taxa de paro observada en cada momento nunha economía
- d) Non pode ser alterada por algunha medida de política económica

72. No modelo de crecemento económico de Solow sen crecemento de poboación nin progreso tecnolóxico, se a economía está en estado estacionario:

- a) O investimento é maior á depreciación
- b) O stock de capital non varía
- c) O consumo da economía é máximo independentemente da taxa de aforro
- d) A produción crece

73. A lei de Okun relaciona:

- a) A inflación coa taxa de paro
- b) O tipo de interese nominal coa inflación
- c) A variación porcentual do PIB real coa variación da taxa de paro
- d) O investimento co tipo de interese real

74. Segundo o modelo de Mundell-Fleming, unha pequena economía aberta con tipos de cambio fluctuantes, liberdade de movemento de capitais e prezos fixos, unha política monetaria expansiva:

- a) Incrementa o tipo de cambio (unidades de moeda estranxeira por unidade de moeda nacional)
- b) Eleva a renda
- c) Despraza a curva IS (tipo de cambio, renda) cara á dereita
- d) Despraza a curva LM (tipo de cambio, renda) cara á esquerda

75. A curva de Phillips na súa versión moderna:

- a) Non garda relación coa ecuación de oferta agregada a curto prazo
- b) Relaciona a inflación coas variacións da oferta monetaria
- c) Relaciona o paro cíclico coas variacións imprevistas do nivel de prezos
- d) Relaciona o tipo de interese nominal co tipo de interese real e a inflación

76. Segundo o principio de Taylor:

- a) Para que a inflación se manteña estable, o goberno ten que responder a un aumento da inflación cunha redución do gasto público
- b) Para que a inflación se manteña estable, o Banco Central debe responder a un aumento de inflación cunha baixada do tipo de interese nominal
- c) Para que a inflación se manteña estable, o Banco Central debe responder a un aumento de inflación cunha subida menor do tipo de interese nominal
- d) Para que a inflación se manteña estable, o Banco Central debe responder a un aumento de inflación cunha subida mesmo maior do tipo de interese nominal

77. A q de Tobin defínese como:

- a) O cociente da produtividade marxinal e o custo de reposición do capital instalado
- b) O cociente do valor de mercado e o custo de reposición do capital instalado
- c) A diferenza entre a produtividade marxinal e o custo de reposición do capital instalado
- d) A diferenza entre o valor de mercado e o custo de reposición do capital instalado

78. A política rexional xeral da Unión Europea establécese a nivel da propia Unión Europea e a xestión diaria dos fondos asociados a esta política:

- a) É responsabilidade exclusiva da Comisión Europea
- b) É responsabilidade da colaboración conxunta da Comisión Europea coas autoridades nacionais, rexionais e locais
- c) É responsabilidade exclusiva das autoridades nacionais, rexionais e locais
- d) É responsabilidade exclusiva do Eurogrupo

79. Das hipóteses que presentamos a continuación, cal é a única que NON é necesaria para que o estimador de β de mínimos cadrados ordinarios (MCO) no modelo de regresión lineal $y=X\beta+u$ sexa lineal, inesgado e óptimo?

- a) O termo de erro é ortogonal a todas e cada unha das variables explicativas
- b) O termo de erro é homoscedástico
- c) O termo de erro non está autocorrelacionado
- d) O termo de erro segue unha distribución normal

80. Nun modelo de regresión múltiple, a hipótese nula do contraste de significancia global do modelo é:

- a) Todos os coeficientes de pendente son iguais a cero
- b) Todos os coeficientes de pendente e o termo independente son iguais a cero
- c) O termo independente e polo menos un coeficiente de pendente son iguais a cero
- d) O termo independente é igual a cero

81. Cal dos seguintes contrastes NON é un contraste de heteroscedasticidade?

- a) Contraste de White
- b) Contraste de Phillips-Perron
- c) Contraste de Goldfeld-Quandt
- d) Contraste de Glejser

82. Sexa un modelo de regresión lineal para datos temporais dado por $y=X\beta+u$ onde as perturbacións están autocorrelacionadas con $E(uu')=\sigma^2\Omega$, $\Omega \neq I$, e cúmprense todos os demais supostos do modelo clásico. Nese caso a matriz de variancias do estimador de β de mínimos cadrados xeneralizados (MCG):
- É igual a $\sigma^2(X'X)^{-1}$
 - É igual a $\sigma^2(X'\Omega X)$
 - É igual a $\sigma^2(X'\Omega^{-1}X)^{-1}$
 - É igual a $\sigma^2(X'X)^{-1}(X'\Omega X)(X'X)^{-1}$
83. Sexa un modelo de regresión lineal dado por $y=X\beta+u$ con dúas variables explicativas e termo independente, que cumpre todos os supostos do modelo clásico. Se o modelo presenta multicolinearidade alta pero non perfecta entre as dúas variables explicativas, o estimador de β de mínimos cadrados ordinarios (MCO):
- Non é lineal
 - Non é inesgado
 - Non é o de menor variancia entre todos os estimadores lineais e inesgados
 - É lineal, inesgado e é o estimador de menor variancia entre todos os estimadores lineais e inesgados
84. Sexa un modelo de regresión lineal para datos temporais dado por $y_t = \beta_1 + \beta_2 y_{t-1} + \beta_3 x_t + u_t$, con $|\beta_2| < 1$, x_t unha variable determinista e $u_t = \rho u_{t-1} + v_t$, onde $|\rho| < 1$, $\rho \neq 0$ e v_t é ruído branco. Nese caso o estimador de $\beta = (\beta_1 \ \beta_2 \ \beta_3)'$ de mínimos cadrados ordinarios (MCO):
- É lineal, inesgado e de mínima variancia entre todos os estimadores lineais e inesgados
 - É lineal e inesgado, pero non é o estimador de mínima variancia entre todos os estimadores lineais e inesgados
 - É consistente pero é nesgado en mostras pequenas
 - Non é consistente

85. Dispomos da seguinte información para unha mostra de N traballadores/as dunha gran empresa: salario que reciben (S), nivel de estudos (desagregado en catro categorías: sen estudos, primarios, medios e superiores) e sexo. A partir de aquí propomos o seguinte modelo de determinación do salario:

$$S_i = \alpha_1 + \alpha_2 E_{2i} + \alpha_3 E_{3i} + \alpha_4 E_{4i} + \beta \text{Sexo}_i + u_i$$

onde a variable E2 toma o valor 1 para as persoas con estudos primarios e 0 para o resto, E3 toma o valor 1 para as persoas con estudos medios e 0 para o resto, E4 toma o valor 1 para as persoas con estudos superiores e 0 para o resto, e Sexo toma o valor 1 para as mulleres e 0 para os homes. Cal sería a hipótese nula se se desexa contrastar que non existen diferenzas salariais por nivel educativo?

- a) A hipótese nula é $H_0: \alpha_1 = \alpha_2 = \alpha_3 = \alpha_4 = 0$
 - b) A hipótese nula é $H_0: \alpha_2 = \alpha_3 = \alpha_4 = 0$
 - c) A hipótese nula é $H_0: \alpha_2 = \alpha_3 = \alpha_4 = 1$
 - d) A hipótese nula é $H_0: \alpha_2 - \alpha_3 = \alpha_4$
86. Temos un modelo de datos de panel con datos de 20 persoas e 5 momentos do tempo, onde y é a variable dependente, x é a variable independente e β é o coeficiente que mide o efecto de x sobre y. O estimador de β obtido co modelo de mínimos cadrados de variable dicotómica coincide:
- a) Co estimador de mínimos cadrados agrupados
 - b) Co estimador de efectos fixos dentro do grupo
 - c) Co estimador obtido co método de primeiras diferenzas
 - d) Co estimador obtido co método de compoñentes do erro
87. É preciso especificar un modelo econométrico de ecuacións simultáneas:
- a) Cando hai que recoller un conxunto de variables exógenas que se determinan mutuamente
 - b) Cando hai que recoller un conxunto de variables endóxenas que se determinan mutuamente
 - c) Cando as variables exógenas do modelo inflúen nas variables endóxenas pero non son influídas por estas
 - d) Cando as variables endóxenas do modelo inflúen nas variables exógenas pero non son influídas por estas

- 88. Sexa un proceso estocástico estacionario de segunda orde, $\text{corr}(1)$ o coeficiente de autocorrelación simple entre y_t e y_{t-1} e $\text{corr_parc}(1)$ o coeficiente de autocorrelación parcial entre y_t e y_{t-1} . Cando se cumpre que $\text{corr}(1)=\text{corr_parc}(1)$?**
- a) Só nos procesos autorregresivos; non se cumpre nos procesos de medias móbiles
 - b) Só nos procesos de medias móbiles; non se cumpre nos procesos autorregresivos
 - c) Cúmprese tanto nos procesos autorregresivos como nos procesos de medias móbiles
 - d) Non o podemos saber sen coñecer o tipo de proceso, a súa orde e os valores dos parámetros
- 89. Estamos a identificar un modelo para unha serie temporal. Se vemos que os coeficientes de correlación simple entre y_t e y_{t-k} non son estatisticamente distintos de cero para $k>2$ e que os coeficientes de autocorrelación parcial decrecen exponencialmente, isto sería unha indicación de que:**
- a) Debemos tomar dúas diferenzas para que a serie estea xerada por un proceso estocástico estacionario
 - b) A serie parece estar xerada por un proceso autorregresivo de orde 2
 - c) A serie parece estar xerada por un proceso de medias móbiles de orde 2
 - d) Este resultado non achega ningunha información que axude a identificar o proceso estocástico que xera a serie
- 90. Supoña que está a construír un modelo ARMA para unha serie temporal e que observa un valor influente que obedece a unha causa coñecida. Ante a posibilidade de que ese valor distorsione a especificación da estrutura estocástica do modelo, que debe facer para evitalo?**
- a) Construír o modelo para a serie en logaritmos
 - b) Diferenciar a serie antes de proceder á súa modelización
 - c) Introducir unha variable de intervención no modelo
 - d) Nada, os valores influentes non afectan ao proceso de construción do modelo

PARTE XERAL

- 91. Segundo o artigo 18 da Constitución española de 1978, para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos/as cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos, a lei limitará o uso da:**
- a) Liberdade de opinión
 - b) Liberdade de cátedra
 - c) Liberdade de prensa
 - d) Informática
- 92. De acordo coa Constitución española de 1978, ten/teñen como misión garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional:**
- a) As Cortes
 - b) Os Tribunais
 - c) A Xefatura do Estado
 - d) As Forzas Armadas
- 93. O artigo 150 da Constitución española de 1978 establece que o Estado poderá ditar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das Comunidades Autónomas, aínda no caso de materias atribuídas á competencia destas:**
- a) Se existe convenio previo coas comunidades autónomas
 - b) Cando o esixa o interese xeral
 - c) Só se afectan á saúde ou á seguridade
 - d) Unicamente no relativo ás bases do réxime xurídico das administracións públicas
- 94. Segundo a Constitución española de 1978, as Comunidades Autónomas NON poderán asumir competencias en:**
- a) Alteración dos territorios municipais comprendidos no seu territorio
 - b) Sanidade e hixiene
 - c) Administración de Xustiza
 - d) Xestión en materia de protección do medio ambiente
- 95. Segundo o artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen o dereito dos/as galegos/as a vivir e traballar na súa propia terra como un:**
- a) Dereito fundamental
 - b) Dereito estatutario
 - c) Dereito básico
 - d) Principio reitor da súa política social e económica

- 96. O artigo 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que a organización territorial propia de Galicia se regulará por un/unha:**
- a) Decreto da Xunta
 - b) Lei do Parlamento
 - c) Lei das Cortes Xerais
 - d) Decreto Lei da Xunta
- 97. De acordo co artigo 28 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que a mesma establece, en materia de:**
- a) Réxime mineiro e enerxético
 - b) Propiedade industrial e intelectual
 - c) Salvamento marítimo
 - d) Relacións laborais
- 98. Segundo o artigo 13 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o control da constitucionalidade das leis do Parlamento de Galicia correspóndelle ao:**
- a) Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
